



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Visto Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Foz, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017, 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Visto informe de Intervención de data 21 de xuño de 2018, o Señor Alcalde-Presidente **RESOLVE:**

Primeiro.- Levantar o reparo de intervención nº 42/2018, de data 21 de xuño de 2018.

Realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación de:

- Unha praza de XEFE DE BRIGADA
- Unha praza de PEON CONDUTOR
- Tres prazas de PEÓNS DE BRIGADA

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Publicar as bases nun Diario de maior difusión da provincia, no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, e na páxina web www.concellodefoz.es

Mandao e asinao, o Alcalde, Javier Jorge Castiñeira, no Concello de Foz, en data de sinatura, do que eu, como Secretario, asino no exercicio da función de fe pública, de acordo co art. 2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

O Alcalde
Asdo. Javier Jorge Castiñeira
Fernández

O Secretario
Asdo. Ricardo Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ANEXO I

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NON PERMANENTE PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.-

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes bases regulan a selección de persoal para a provisión con carácter temporal e en réxime laboral das seguintes prazas no marco do "Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Foz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa":

- Unha praza de XEFE DE BRIGADA
- Unha praza de PEON CONDUTOR
- Tres prazas de PEÓNS DE BRIGADA

Todo isto conforme o disposto no Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

O ámbito de actuación da brigada de prevención e defensa contra incendios será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable, o persoal das brigadas municipais participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

Os membros da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
- Labores de prevención de incendios, que se desenvolveran en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

2.- MODALIDADE DO CONTRATO.

Os contratos formalizarase baixo a modalidade de “contrato por obra ou servizo determinado” previsto no artigo 15.1.a do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e a xornada semanal completa (40 h./semana) e a súa duración será de 3 meses, a contar desde a data de inicio do servizo.

Serán de aplicación o contrato celebrado as demais causas de extinción dos contratos laborais previstas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O gasto de persoal será:

1. **Xefe de Brigada (5.381.70 €)**
 - Salario Bruto de 1.322,86 €/mes
 - Seguridade Social de 433.24 €/mes
 - Indemnización total 113.40 €

2. **Peón condutor de Brigada (4.452,06 €)**
 - Salario Bruto de 1.052.82 €/mes
 - Seguridade Social de 401.12 €/mes
 - Indemnización total 90.24 €

3. **Peóns de Brigadas (12.880.26 €)**
 - Salario Bruto de 1.017.47 €/mes
 - Seguridade Social de 384.60 €/mes
 - Indemnización total 261.63 €

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional da U.E dentro dos límites que establece o artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión
 - dalgunha das seguintes titulacións no caso da praza de Xefe de Brigada: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente.
 - de certificado de escolaridade para as prazas de peóns.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Estar en posesión de carné de conducir B se se opta ás prazas de Xefe de brigada e Peón Conductor.

e) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

h) Ter aboado o importe a que ascende a taxa por dereitos de exame.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

4.- PROCESO DE SELECCION.

O procedemento de selección será o concurso-oposición, e constará das seguintes fases:

A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración destes:

A) MERITOS ESPECÍFICOS XEFE DE BRIGADA.

I. Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 5 puntos)

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira: 0'20 puntos/mes.

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira na empresa privada: 0'15 puntos/mes.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. **Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

II. Formación previa. cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ambos en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria. (Ata un máximo de 4 puntos).

Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

III. Por estar en posesión do carné de conducir C ou BTP:.....1,00 punto.

Acreditarase mediante copia autenticada do permiso en vigor.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

A.2.- MÉRITOS ESPECÍFICOS PEÓN CONDUTOR E PEÓN.

I. Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 5 puntos)

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios: 0'20 puntos/mes.

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios na empresa privada: 0'15 puntos/mes.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. **Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

II. Formación previa. cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ambos en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria. (Ata un máximo de 4 puntos).

Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

III. Por estar en posesión do carné de conducir C ou BTP:.....1,00 punto.

Acreditarase mediante copia autenticada do permiso en vigor.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

A) PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Exercicio: proba de aptitude física (carácter eliminatorio):

De conformidade co establecido no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Foz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, será necesario a superación dunha proba física consistente en subir e baixar a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

período de cinco minutos un banco de 40 cm de altura para homes e 33 cm de altura para mulleres. Só se permitirá un único intento para superar a proba de aptitude física. Unha vez finalizado ese tempo, a persoa que realizou o exercicio repousará 15 segundos, e unha vez finalizados se lle tomará o pulso (nos pulsos ou no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). A proba se realizará nun local tranquilo, necesitándose unha báscula para obter o peso dos candidatos. Cos datos de peso, idade, e pulsacións, se pasarán as táboas establecidas no anexo I do Convenio, e determinar a superación ou non da proba.

Os resultados de proba cualificaranse como APTO / NON APTO.

A proba levarase a cabo na data, hora e lugar fixado por resolución de alcaldía.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

1.- Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se acompaña como Anexo a estas bases ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Foz e presentaranas no Rexistro Xeral de entrada de documentos da Corporación NO PRAZO DE CINCO DIAS HÁBILES contados dende o día de publicación do anuncio nun Diario de maior difusión da provincia. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

As Bases de selección publicaránse na máxima web do Concello: www.concellodefoz.es e Tablón de anuncios.

De presentarse a varias prazas o aspirante cubrirá unha solicitude por praza.

Os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da LRJAP-PAC, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 5 días hábiles sinalado anteriormente (nº de fax: 982 141600).

Rematado o prazo de presentación de instancias, a autoridade que convoca ditará resolución, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e outorgando un prazo máximo de 1 día hábil para que os/as excluídos/as aleguen o que consideren.

Resultas as reclamacións publicarse a lista definitiva no Taboleiro de Edictos ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

3.- Á instancia acompañarase:

- a) Solicitude de participación, anexa a estas Bases.
- b) Fotocopia compulsada do D.N.I. (no seu defecto, resguardo do D.N.I. ou pasaporte).
- c) Fotocopia compulsada da titulación esixida para presentarse ao proceso.
- d) Fotocopia compulsada do permiso de conducir categoría B, para as prazas de Xefe de equipo e Peón Conductor.
- e) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f) Declaración xurada das condicións físicas do aspirante conforme ao modelo que se adxunta ás bases. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a xordeira son igualmente causas de exclusión.
- g) Documentación acreditativa de ter aboado o importe a que ascenden os dereitos de exame. De presentarse a varias prazas, únicamente se aboará unha vez.
- h) Deberá presentarse declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade, de acordo co establecido Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou no caso de incorrer en algunha incompatibilidade, declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións

- i) Documentos xustificativos dos méritos alegados, debidamente compulsados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a autoridade que convoca ditará resolución, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e outorgando un prazo máximo de 2 días naturais para que os/as excluídos/as aleguen o que consideren. Si o último día do prazo é inhábil, estenderase ata o seguinte día hábil.

Resultas as reclamacións publicarase a lista definitiva no Taboleiro de Edictos ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

6.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA FASE DE CONCURSO.

A data e hora de celebración da proba de aptitude física determinarase unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a lista provisional de admitidos ao proceso.

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal cualificador estará composto por un/unha presidente/a, o secretario e tres vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario un funcionario do Concello de Foz, con voz e sen voto.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

8.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas fases do proceso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase da proba física.

9. - PROPOSTA DE SELECCIÓN E OBRIGAS DO SELECCIONADO CON CARÁCTER PREVIO Á CONTRATACIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Sr. Alcalde-Presidente, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A citada proposta publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os traballadores seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a, sen prexuízo das posibles accións que procedan por incorrer en falsidade na declaración xurada.

Igualmente están obrigados, unha vez contratados, a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Foz.

Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

10.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan e superado o recoñecemento médico ou a proba física de esforzo, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal por obra ou servizo.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

11.- CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE SUBSTITUTOS.

No obstante o anterior, no caso de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral de carácter temporal, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (lista de reserva) co fin de asegurar a cobertura do emprego convocado, proposta que será de aplicación por rigoroso orde de puntuación.

Igualmente será de aplicación esta proposta complementaria no caso de que os seleccionados non superen o recoñecemento médico ou proba de esforzo aos que se fai referencia na cláusula 9ª como previos e condicionantes da contratación.

12.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdicción Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

13.- RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Foz, no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D/D^a _____
_____, maior de idade, con D.N.I. _____, data de nacemento _____, veciño/a de _____, con enderezo a efectos de notificacións e comunicacións en _____, nº de teléfono de contacto _____, ante V.E. COMPARECE E EXPÓN:

- Que desexa ser admitido/a ás probas selectivas convocadas para a cobertura con carácter temporal dunha praza de _____ no Concello de Foz.
- Que coñece e acepta as bases que rexen dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos ao remate do prazo sinalado para a presentación de instancias.
- Que xunta á solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria: (relación).

(No caso de ser preciso, continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue).

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte no proceso selectivo que se cita.

En Foz, a _____ de _____ de 2018.

(Sinatura do interesado/a)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ (LUGO).-

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Foz (Lugo) relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ANEXO III

D/Dona _____ con D.N.I.
nº _____, declaro baixo xuramento, estar nas condicións
físicas suficientes para desenrolar o posto de _____ da Brigada de prevención
e defensa contra incendios do Concello de Foz

Declaro baixo xuramento, que non padezo lesións de corazón, pulmón ou intestinais,
nin trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas e
obesidade, nin cegueira e xordeira.

Declaro baixo xuramento, non estar separado mediante expediente disciplinario do
servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións
por sentenza firme, e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e
incompatibilidade de conformidade coa lexislación

Declaro baixo xuramento, non estar incurso en incompatibilidade, de acordo co
establecido Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das
Administracións Públicas.

En Foz, a _____ de _____ de 2018.

(Sinatura do interesado/a)

(No caso de ser muller haberá de engadirse na declaración non estar embarazada)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ (LUGO).-

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Foz (Lugo) relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.